

CURSO DE NARRACIÓN ORAL DO CIOV- Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo



QUE CONTAR E COMO CONTAR

Ana Carreira

Datas: (mércores) 7, 14, 21, 28 de abril de 2021

Horario: De 17:00 h a 20:00 h (3 horas cada día. Total do curso: 12 horas)

Lugar: En liña

Inscripción: *de balde na web do Servizo de Normalización Lingüística cubrindo o formulario <https://snl.vigo.org/inscripcion> (deben poñer no título da actividade: narración oral)*

Que contar e como contar é o terceiro bloque do curso de Narración Oral do CIOV do curso 2020-2021

Partimos dos contos tradicionais para reinventar historias desde unha perspectiva contemporánea.

A Narración Oral é un espectáculo escénico no que o narrador ou a narradora ofrece un mundo ficcionado ao seu público.

Unha das maiores dificultades de quen se achega á Narración Oral é decidir que contar e como contar. Por iso a través da reflexión e da práctica chegaremos aos diversos xeitos de converter o desexo de transmitir emocións nun encontro co coñecemento dos recursos da oralidade.